

CAROLINE HERSCHEL VS. MARIE ANNE PAULZE LAVOISIER: DÚAS MANEIRAS DE FACER CIENCIA

PINTOS BARRAL, XOANA
BERMEJO, MANOLO R.
GONZÁLEZ NOYA, ANA M.
Departamento de Química Inorgánica. USC.

A Ilustración impulsou os avances científicos e a toma de conciencia da humanidade respecto das vantaxes producidas polo coñecemento e polas melloras técnicas que fomentaba. Esta etapa iníciase a finais do século XVII e remata coa Revolución Francesa. En palabras de D'Alembert a Ilustración «discutiú, analizou e axitou todo, dende as ciencias profanas aos fundamentos da revelación». Tamén as primeiras reivindicacións feministas, as primeiras escritoras que publicamente denunciaron a situación das mulleres, pertencen a esta etapa, como as ben coñecidas Olympia de Gouges ou Mary Wollstonecraft, quen vindicaba: «non desexo que as mulleres teñan máis poder que os homes, senón que teñan máis poder sobre si mesmas».

A formación intelectual recibida polas mulleres estaba moi afastada do axeitado, ou incluso non existía e, como consecuencia, a presenza feminina e as súas achegas, tanto nas ciencias como nas técnicas, foron indiscutiblemente menores. Con todo, algunhas conseguiron, co seu afán e esforzo, contra dos evidentes atrancos e a máis indiscutible discriminación, superar barreiras e contribuír aos avances científicos.

Noutras comunicacións presentadas por varios de nós noutros congresos de ENCIGA (1-3) demos conta das actividades científicas, realizadas por separado, tanto por Marie Anne Paulze como por Carolina Herschel. Nesta comunicación tratando de **Instruír, Divertir e Educar**, coma sempre, pretendemos amosar comparativamente, a valía científica destas importantes mulleres da nosa Historia en determinadas actividades das súas ciencias que lles resultaron comúns.

Caroline Herschel e Marie Anne Paulze, coincidiron no tempo, na grande etapa de evolución do pensamento que supuxo a Ilustración, se ben en circunstancias ben diferentes. Ambas as dúas viven e traballan cientificamente a carón dun home: Carolina do lado do seu irmán, o gran astrónomo William Herschel -o descubridor, entre outras moitas achegas, do planeta Urano- e Marie Anne estivo casada con Antoine Lavoisier -o chamado pai da Química moderna (4), co que queda suficientemente aclarada a súa trascendencia nesta nova disciplina-.

BIBLIOGRAFÍA

- PINTOS BARRAL, Xoana e BERMEJO PATIÑO, Manuel R. (2010). *Marie Anne Paulze, ilustradora e deseñadora industrial*. Boletín das ciencias, ISSN 0214-7807, Ano 23, Nº. 71, 2010, pp. 81-82.

- BERMEJO PATIÑO, Manuel R. e PINTOS BARRAL, Xoana (2011). *Marie Anne Paulze: muller de casa, salonniere, científica ou que?* Boletín das ciencias, ISSN 0214-7807, Ano 24, Nº. 73, 2011, pp. 139-140.
- BERMEJO PATIÑO, Manuel R. Et al. (2013). *Caroline Lucretia Herschel: a dama das luces.* Boletín das ciencias, ISSN 0214-7807, Nº 77, pp. 113-114.
- BERMEJO, Manuel R., GONZÁLEZ-NOYA, Ana M. e VÁZQUEZ Miguel (2006). *O nome e o símbolo dos elementos químicos.* ISBN 10: 84-453-4325-4, ISBN 13: 978-84-453-4325-8, Xunta de Galicia.